Num. 255

FOUCE

Xuño 2007

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

TÁBOA

■ **Galiza**

Novas experiencias de venda directa en Pontevedra

A celebración do primeiro de maio en Vigo, ou as feiras de Cuspedriños (Cotobade) e Meira (Moaña) foron aproveitadas polo Sindicato Labrego Galego para facer promoción dos produtos e alimentos das nosas explotacións sen necesidade de ter que renderlle contas, nin cartos, a ningún intermediario. **Páx. 6**

■ **Aldea Global**

A ONU e Suíza en contra dos cultivos enerxéticos

Dúas novas voces discordantes veñen de xurdir no panorama internacional contra a proliferación dos cultivos enerxéticos. Unha delas é a Organización das Nacións Unidas (ONU) que vaticina que esta febre polos agrocarburantes pode deixar a terra sen alimentos para a xente. **Páx. 8**

■ **Agroecoloxía**

O cesamento de Gabino Vázquez abre unha nova xeira

O ex-presidente do Craega, Gabino Vázquez, foi cesado pola Consellaría de Medio Rural. Deixa tras súas unha xestión callada de irregularidades e denuncias, e o desprezo cara a institucións como o Parlamento de Galiza, o Valedor do Pobo ou a propia Consellaría. **Páx. 11**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

A Galiza labrega estará representada nos consellos reguladores da man do SLG

■ O vindeiro 1 de xullo elixiranse novos consellos reguladores en Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro, Valdeorras, Tenreira Galega e Pataca de Galiza.

■ Haberá listas de consenso en todos os procesos, agás en Ribeira Sacra, onde unha lista alternativa tentará poñer fin ao presidencialismo de José Manuel Rodríguez. **Páxs. 2 a 4, 10 e 16**



Medio Rural e o Sindicato Labrego buscan solucións aos problemas comerciais do viño

Os responsábeis do sector vitivinícola no Sindicato Labrego, Manuel Docampo e Xosé Manuel González Vilas, reuníronse co Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, nun encontro que estivo centrado en tratar a problemática da comercialización e promoción dos nosos viños. Temas como a escasa presenza dos caldos galegos nas grandes superficies comerciais, ou a invasión do noso mercado por denominacións de orixe foráneas, ocuparon a orde do día. **Páx. 10**



Desconvócanse as mobilizacións do leite pola inminente suba dos prezos

A vila d'A Coruña foi o último dos escenarios onde as organizacións agrarias se botaron á rúa para denunciar a baixada de prezos que comezaron a executar as industrias no mes de abril. Ao final, as cousas semellan que volverán ao rego, pois o meirande das industrias decidiron subir de novo os prezos. Chegou así á súa fin unha campaña na que se tentou chegar ás consumidores e consumidores para informarlles dun problema que tamén afecta de cheo. **Páx. 7**

Rolda de contactos do SLG para paralizar as minas da Terra Chá

A responsábel do Sindicato Labrego na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, reuniuse en maio co delegado de Industria en Lugo, Xesús Cortés Máñez; e mantivo contactos telefónicos co delegado de Medio Rural, Emilio López. En ambos casos, Prieto levou aos despachos da Xunta o problema das concesións mineiras a Erimsa na Terra Chá, e denunciou a ameaza que supoñen para a economía agraria da zona. **Páx. 7**



FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Ramón Barreiro, Agatha Broeskamp, Isabel Vilalba, Marian Ferreira, Xosé Manuel González Vilas e Margarida Prieto Ledo.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047

Consenso en todos os consellos reguladores agás en Ribeira Sacra

O SLG defenderá os intereses labregos nas cinco DOs do viño, Tenreira Galega e Pataca de Galiza

O 1 de xullo, elixiranse os novos consellos reguladores para as indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galiza e Tenreira Galega, e para as denominacións de orixe vinícolas Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras. Agás Ribeira Sacra, todos estes consellos faranse por consenso. Iso si, o Sindicato Labrego Galego seguirá a defender os intereses de produtores e produtoras, cooperativas e, no caso do viño, pequenas adegas.



Imaxe promocional de produtos galegos de calidade entre os que se atopan os viños, a tenreira galega e a pataca de Galiza

O Sindicato Labrego defenderá a profesionalización dos consellos reguladores, onde as decisións que se tomen deberán estar condicionadas pola situación económica e de mercado de cada denominación de orixe. Para iso, debería crearse a figura do xerente. Ademais, o SLG proporá, en cada caso, que se escolla para ocupar as presidencias a persoas vinculadas ao sector e á zona xeográfica amparada; e seguirá a reivindicar un sistema de certificación e control público separado da xestión e do control do propio consello regulador.

Precisamente, o devandito é un dos puntos escuros da Lei de Calidade Agroalimentaria, que rexerá o desenvolvemento dos novos consellos. Esta lei posibilita a entrada de empresas privadas para controlar e certificar, algo que o Sindicato Labrego rexeita. Así e todo, esta lei vai marcar un antes e un despois xa que hai que ter en conta que temos regulamentos preconstitucionais de consellos como Valdeorras ou O Ribeiro, que datan de 1976. Ademais, coa nova lei, o pleno dos consellos reguladores recupera poderes en detrimento dos presidentes.

Así, nesta nova xeira ficarán materias pendentes para os consellos reguladores como a súa profesionalización, ou a súa independencia con respecto aos poderes locais e políticos.

Consellos reguladores con voz labrega

Xosé Álvarez Lombardero, Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega

"Seguiremos a loitar pola categoría Suprema"

A Xosé Álvarez Lombardero xa tivemos ocasión de entrevistalo o mes pasado, con motivo do Congreso de Vacún de Carne. Lombardero preséntase de novo como vocal polo Sindicato Labrego á IXP Tenreira Galega, na que "basicamente, imos continuar coa nosa defensa da produción tradicional. Para iso, seguiremos a traballar para que os controis sexan máis rigorosos e garantan que toda a carne vendida baixo a nosa etiqueta sexa realmente Tenreira Galega; para que haxa transparencia nos matadoiros en canto ás pesadas e á clasificación das canles; e para que haxa máis información de cara aos consumidores e consumidoras, sobre todo no punto de venda. Dende logo, seguiremos a loitar pola categoría Suprema, e non só con campañas de promoción, senón tamén con campañas de información e concienciación dirixidas á xente".





Felisindo López Ruído, Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galiza

"Hai que poñer máis empeño na investigación"

Este labrego de Pidre (Xinzo de Limia) será un dos representantes do SLG na IXP Pataca de Galiza. Felisindo considera positivo o traballo realizado polo consello regulador de Pataca de Galicia. "Iso viuse en aspectos como o incremento no prezo da Kennebec. Ademais, coa pataca que vai embolsada, coa etiqueta da indicación, non hai posibilidade de fraude, pois cos controis que se fan é case imposíbel. Por desgraza, Pataca de Galiza só ampara a unha pequenísima porcentaxe da produción do noso país".

Así e todo, pensa que "o consello regulador debería poñer algo máis de empeño na investigación, que é algo que xa se está a facer agora, para acadar unha pataca con características autóctonas e diferenciadas. A Kennebec é unha pataca moi delicada, cunha temporada moi curta, polo que dá moi pouca marxe á hora de comercializala".



Amadeo Salgado Fiz, denominación de orixe Monterrei

"Monterrei é a DO que precisa máis promoción e apoio institucional"

Amadeo, viticultor en Mourazos (Verín) será un dos vocais do SLG en Monterrei para defender "que as políticas do consello regulador sexan as axeitadas para relanzar esta denominación que, a día de hoxe, é a que máis apoio institucional e de promoción necesita.Temos moi poucas adegas e graves problemas de comercialización. Monterrei necesita un revulsivo e medidas urxentes que contemplen estratexias de publicidade e márketing, implantación de novas adegas e, sobre todo, necesita un novo consello regulador e un novo presidente que sexan quen de levar adiante todo este tipo de medidas".

Isto é así porque, ata o de agora, o consello regulador "dedicouse a seguir as directrices que lle marcaban dende a Consellaría; dende ese punto de vista, fíxose moi pouco ou nada. Mesmo houbo anos nos que non se fixo nin a feira do viño, co cal se renunciou a un importante instrumento de márketing, publicidade e relanzamento da zona. Tamén temos carencias dende o punto de vista de información e asesoramento de cara aos viticultores".


Antonio Álvarez Suárez, denominación de orixe Rías Baixas

"Hai aspectos mellorábeis, como o control e a calidade"

Administrador de Agromiño, en Albeos (Crecente), Antonio Álvarez será un dos representantes do SLG en Rías Baixas. Antonio recoñece que "ata o de agora, o consello regulador de Rías Baixas traballou bastante ben, aínda que hai varios aspectos que son mellorábeis, sobre todo o control da produción e da calidade, que son fundamentais para o futuro". Respecto disto último, ten claro que "defendemos que a calidade estea por riba de todo. Non podemos permitir que a nosa DO compita con viños de baixo prezo e baixa calidade. Temos que ir cara a un tipo de viño de altura, e para iso temos que controlar moi ben o que son as producións e as calidades, xa dende o propio proceso produtivo. Temos que afacernos a facer un traballo orientado cara a calidade nos propios viñedos, con uvas que acaden unha acidez e gradación óptimas e con prácticas culturais como a desfolla, segundo a explotación de cadaquén".

Volvendo ao control, Antonio estráñase de que "no 2006 se producise un 40% máis. Evidentemente, hai fincas que están superando o límite establecido".





Primitivo Lareu, denominación de orixe Ribeira Sacra

"O actual consello fixo súa a máxima de que todo vale"

Primitivo Lareu será un dos candidatos a vocal do SLG nas eleccións ao consello regulador da Ribeira Sacra, o único no que non se chegou a unha candidatura de consenso. Precisamente por iso, este Fouce dedica a contraportada a unha entrevista con Primitivo, da que extraímos o presente texto.

Para Primitivo, "o consello regulador da Ribeira Sacra comezou moi ben. Eramos unha denominación de orixe nova, e partiuse da base de que debían convivir as pequenas explotacións coas grandes. Así, moitos animámonos a dar o paso de crear unha adega para comercializar un viño etiquetado. A evolución foi positiva e medramos considerablemente. Pero chegou un intre en que o camiño virou. Por exemplo, a reconversión do viñedo estaba levando un bo ritmo, cambiando as variedades foráneas polas autóctonas e, de repente, o proceso ficou truncado. Isto aconteceu porque, dende o consello regulador, en troques de apostar por variedades que nos fixesen ser máis interesantes e gañar prestixio no mercado, propagouse a máxima de que todo vale".

Xurxo Álvarez, denominación de orixe Ribeiro

"Ninguén sabe no Ribeiro para que vale, realmente, o consello"

Xurxo Álvarez, quen fora responsábel da Dirección Nacional do Viño do SLG, preséntase a estas eleccións como un dos vocais do Sindicato Labrego para o consello regulador do Ribeiro, organismo co que é bastante crítico. Di Xurxo que, "no consello regulador do Ribeiro están representados Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias dende hai bastante tempo, e está rexido por un presidente elixido pola Consellaría. Realmente, ninguén sabe no Ribeiro para que vale, realmente, este consello. Trátase dun feito triste para a que é a segunda DO máis antiga de España. Unións utiliza o consello como plataforma política a favor do PSOE, grazas á cal xa meteron a algún senador en Madrid; e Xóvenes fai o traballo da patronal. O SLG non entrou, nas pasadas eleccións, por uns poucos votos.

O regulamento do Ribeiro data de 1978, e iso nótase. Habería que renovar, promover os viños do Ribeiro e traballar en clave de denominación de orixe. O problema dos viños do Ribeiro, e dos galegos en xeral, non é exportar a países como China; senón conquistar o noso propio mercado interior".





Victoriano López González, denominación de orixe Valdeorras

"Agora mesmo, semella que no consello só están as adegas"

Dende Ceadur, en Larouco, Victoriano será unha das persoas do Sindicato Labrego Galego no consello regulador de Valdeorras. Con cinco hectáreas de viñedos con Godello e Mencía, Victoriano cre que "a materia pendente do consello regulador é a promoción dos nosos viños. Valdeorras é unha das zonas vinícolas menos coñecidas de Galiza. Unha das primeiras tarefas do consello debería ser aprobar uns novos estatutos acordes coa Lei de Calidade Agroalimentaria. Creo que estamos, xa que logo, diante dunha boa oportunidade para que os produtores teñamos máis presenza pois, ata o de agora, semellaba que só estaban representadas as adegas. Creo que nós somos tamén unha parte importante da denominación de orixe e, ata o de agora, tiñamos a sensación de que o consello regulador só servía para pagar a cota. Pero nós temos tamén cousas importantes que dicir e un labor fundamental a desenvolver dentro do consello á hora de defender os nosos intereses, que non están en contra dos das adegas, pois formamos todos parte do mesmo conxunto".

Nova mocidade emprendedora



Nova sabedoría do rural



Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida.... unha nova sabedoría.

E ti... se sempre volves ao rural ...
Por que non ficas a traballar nel?





novas axudas á incorporación da mocidade á actividade agraria e mellora das explotacións

http://mediorural.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural

Infórmate e establécete no rural.

Editorial

A Galiza labrega desembarca nos consellos reguladores

Como promover os viños de Rías Baixas e Valdeorras, como controlar a garantía da Tenreira Suprema, como denunciar a publicidade enganosa da pataca de fóra, como vestir as botellas do Ribeiro e Monterrei, como saber das uvas que entraron en Ribeira Sacra, etcétera. Moitas destas cuestións podemos abordalas dende os consellos reguladores, e as decisións que neles se tomen poden influír positivamente en miles de explotacións agropecuarias do noso país.

O Sindicato Labrego Galego presentou, recentemente, as súas listas de candidatos e candidatas para a renovación dos consellos reguladores do viño, de Pataca de Galiza e Tenreira Galega. A partires do 1 de xullo, o Sindicato Labrego contará con persoas da máxima confianza e profesionalidade en todos os consellos reguladores e, ademais, tamén por primeira vez, o Sindicato Labrego terá asegurada a presenza da súa voz en denominacións de orixe como Rías Baixas ou o Ribeiro.

Dende o Sindicato Labrego, temos vontade de continuar co acordo en positivo ao que as organizacións agrarias de Galiza chegaron para constituír o Consello Agrario Galego. Agora, coa posta en marcha da renovación real dos consellos reguladores para adaptalos á nova Lei de Calidade Agroalimentaria, daráselle máis competencias aos plenos e deixaranse atrás os presidencialismos e inxerencias partidarias que tanto dano nos fixeron.

Desde que o Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, asumiu a dirección da Consellaría do Medio Rural, puidemos asistir á posta en marcha das mesas de negociación sectoriais do viño, pataca e a carne, polo que a nosa presenza nos consellos reguladores será peza fundamental para normalizar a nosa interlocución con empresas, cooperativas, matadoiros e adegas. Esta é unha grande oportunidade para que a Galiza labrega teña voz e comece a ser escoitada, un feito histórico a partir do cal esa Galiza labrega non ficará fóra de ningunha mesa e de ningún acordo.



nº 255
Xuño de 2007
FOUCE

Novas experiencias de venda directa en Vigo, Moaña e Cotobade

O SLG segue a apostar pola eliminación dos intermediarios para rendibilizar a actividade das explotacións

O Sindicato Labrego organizou, en maio, varias actividades relacionadas coa venda directa de produtos agropecuarios. A primeira delas tivo como escenario Vigo, e consistiu en organizar o xantar do Día da Clase Obreira para a Confederación Intersindical Galega (CIG). Xa a mediados de mes, e en colaboración coa Asociación de Pastoreo do Deza, participouse nas feiras de Meira e Cuspedriños para promover a venda sen intermediarios de carne de vacún de reses criadas en explotacións extensivas de xeito tradicional.

O Sindicato Labrego Galego, como xa fixera o ano pasado, foi o encargado de organizar o xantar do 1 de maio para a Confederación Intersindical Galega (CIG) en Vigo, no Parque de Castrelos. Con esta actividade, o Sindicato Labrego tentou facer ver aos consumidores e consumidoras a importancia de demandar produtos locais producidos nas nosas explotacións agrarias para o consumo diario, xa que desta maneira se defenden os postos de traballo da agricultura e da gandería, se desenvolve o noso medio rural e, ao mesmo tempo, apoiase un modelo agrario sustentábel respectuoso co medio ambiente e coa saúde das persoas, sexan labregos e labregas ou consumidores e consumidoras.

O xantar, ao que acudiron douscentos comensais, foi tan variado como as producións agrarias do sur da provincia de Pontevedra. Así, de primeiro houbo empanada de algas (con cenorias; cebolas; fariñas de centeo, millo e trigo de divers@s produtores e produtoras do Baixo Miño e Condado; e algas de Algamar, Redondela) e minestra de verduras frescas (leituga, cenorias, cebola, allos, ervellas, fabas, xudías e remolacha do Baixo Miño e do Condado). A carne ao caldeiro con cachelos fixo de segundo prato, obtida a partir das reses de Manuela Fernández (A Graña, O Covelo) e patacas de Florencio Sobrino (San Xián, O Rosal). E, para rematar, sobremesa a base requeixo da Cooperativa Condado-Paradanta (As Neves) con mel de Carlos Durán (Guillade, Ponteareas). Como non podía ser menos, o xantar estivo regado con viños brancos e tintos d'O Rosal e d'O Condado e auga mineral do manancial de Violledo, en Salvaterra.



Centos de asistentes degustaron produtos labregos no 1 de maio en Vigo grazas ao SLG

A maiores, instaláronse numerosos postos de venda, abertos ao público a partir das 11:00 horas, nos que se puideron mercar directamente produtos agrarios aos labregos e labregas que os producen tales como ovos, viño, licores, pan, fariña, carne, patacas, verduras e hortalizas, froitas, mel, queixo, leite, sementes, flores, etcétera.

Para Salvador Martínez, responsábel do SLG no Baixo Miño, "este xantar labrego do 1 de maio foi só unha pequena mostra do que podemos facer en canto a novas formas de distribución dos alimentos, baseadas na venda directa e no comercio local e de proximidade que, con toda seguridade, contribuirán de xeito moi importante a manter postos de traballo, a conservar a nosa cultura alimentaria e a mellorar as economías locais".

En definitiva, o consumo de produtos labregos locais pode ser todo un revulsivo para avanzar na loita por unha nova política agraria e alimentaria que parta das necesidades da sociedade galega e non dos intereses económicos dunhas poucas multinacionais agroalimentarias e das grandes distribuidoras de alimentos, como acontece na actualidade.

Carne do Deza nas feiras de Meira e Cuspedriños

O Sindicato Labrego Galego e a Asociación de Pastoreo do Deza (Pasdeza) participaron nas feiras de Meira (Moaña), o 17 de maio, e Cuspedriños (Cotobade), os días 19 e 20 do mesmo mes. Con Pasdeza, experiencia que xa conta cun ano de traxectoria ás súas costas, máis de medio cento de explotacións gandeiras das comarcas de Tabeirós-Terra de Montes e Deza, nas que se practica o pastoreo tradicional en réxime extensivo, están dando a coñecer a súa produción de calidade por toda Galiza.

Así, as de Meira e Cuspedriños deron continuidade a experiencias semellantes levadas a cabo na Feira de Outono de Pontevedra ou na Feira Sostíbel de Lalín. O obxectivo destas mostras non foi outro que o de crear un escaparate para dar a coñecer esta carne directamente a consumidores e consumidoras e, de paso, eliminar intermediarios que chuchen os beneficios das explotacións gandeiras.



A xente que se achegou a Meira e Cuspedriños puideron ver o gando antes de mercalo e levalo ás súas casas

Industria e Medio Rural co SLG no problema das minas da Terra Chá

Margarida Prieto Ledo mantivo en maio varios contactos cos delegados das dúas consellarías en Lugo

A responsábel do Sindicato Labrego Galego na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, mantivo durante o mes de maio varios contactos telefónicos co delegado de Medio Rural na provincia de Lugo, Emilio López, para tratar a problemática das concesións mineiras a Erimsa. O asunto central das conversas entre Prieto e López foi o estudo de impacto na actividade agrogandeira que terán as minas e que está a desenvolver a Consellaría.



Margarida Prieto mantivo un encontro co delegado de Industria en Lugo o pasado 10 de maio

Emilio López adiantou que os servizos técnicos de Medio Rural van rematar o estudo antes de fin de mes, e emprazou a Margarida Prieto a unha xuntanza na que lle dará a coñecer os resultados do mesmo.

Este encontro deu continuidade a unha rolda de contactos que o Sindicato Labrego comezou o día 10 de maio, cun encontro entre Prieto Ledo e o delegado de Industria en Lugo, Ramón Xesús Cortés Máñez. Nesta xuntanza, Margarida Prieto expúxolle a Máñez a problemática dos centos de explotacións agrogandeiras ameazadas pola posíbel licenza a Erimsa para explotar varias concesións mineiras.

Margarida Prieto explicoulle tamén os motivos que levaron ao Sindicato Labrego a presentar, no mes de abril, un recurso contra estas concesións, argumentando que ningún dos concellos afectados lle poden conceder licenza a Erimsa por non existir aínda o preceptivo proxecto sectorial.

Nestes intres, o Sindicato Labrego Galego está pendente do fallo que emita a Dirección Xeral de Urbanismo respecto deste tema. Con independencia do veredicto, o Sindicato Labrego vai estar moi ao tanto da concesión de licencias por parte dos concellos afectados, pois a inexistencia do devandito plan sectorial impide que estas se poidan expedir.

Pola súa banda, a Consellaría de Industria acolleu, de xeito positivo, as iniciativas e recursos levados adianta polo SLG neste tema e amosou o seu interese pola pronta resolución deste problema.

A inminente suba no prezo do leite pon fin a dous meses de mobilizacións no sector

O proceso de mobilizacións no sector leiteiro chegou á súa fin, despois de que se constatase que o prezo comezará a subir de maneira inminente. Desta maneira, as tres organizacións agrarias non terán que organizar medidas de presión máis forte, como tiñan pensado, e que darían continuidade á campaña de denuncia que se levou por cidades galegas como Compostela, Lugo, durante o mes de abril; e enVigo e A Coruña, xa no transcurs do mes de maio.

En opinión do responsábel dos sectores gandeiros do SLG, Xabier Gómez Santiso, "as mobilizacións saíron bastante ben, xa que se cumpriron os obxectivos marcados, máis de denunciar e ter presenza nos medios de comunicación ca de convocar xente". Desta maneria, explicóuselle á cidadanía este problema, pois tamén a ela lle afecta directamente pois, se ben o prezo do leite mantívose estancado na última década, de cara a consumidores e consumidoras non parou de incrementarse. Ademais, non existían razóns de mercado que xustificasen unha nova baixada en orixe.



A cidade d'A Coruña acolleu a última das manifestacións celebradas para esixir un prezo xusto para o leite na Galiza

O Parlamento de Galiza aprobou a Lei de Superficie Agraria Útil e do Banco de Terras

O pleno do Parlamento de Galiza aprobaba, o 8 de maio, a denominada Lei de conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras, un feito histórico que tentará poñer remedio ao problema da base territorial das explotacións galegas. A esa sesión parlamentaria histórica acudiu unha comitiva do Sindicato Labrego, encabezada pola súa secretaria xeral, Lidia Senra. Para o SLG, esta lei é unha demanda histórica que viña reivindicando dende hai anos, e a súa aprobación é moi positiva e necesaria.

Durante dezaseis anos, o PP impulsou agresivas políticas de forestación, conseguindo que a superficie agraria útil galega se vise reducida a un 22% do territorio. Trátase dunha porcentaxe anormalmente baixa, pois ningún país da Unión Europea ten menos do 40% e no Estado español chégase ao 51%. E iso a pesares do abandono masivo de terras propiciado polo peche de ducias de miles de explotacións agropecuarias que, en teoría, deberían ter liberado terras para @s labregos e labregas en activo.

Ata o de agora, as explotacións que sobreviviron a esta debacle estaban a ter serios problemas para ampliar a súa base territorial, e a falta de terra segue a constituír un auténtico atranco, cando non un total impedimento, para a incorporación de xente moza ás profesións agropecuarias. E isto acontece ao tempo que existen moitas propiedades abandonadas que non se están a traballar.

Por iso, o Sindicato Labrego deulle publicamente a benvida a esta nova lei, e expresou o seu desexo de que os mecanismos para poñela en vigor se desenvolvan o máis axiña posíbel.

Por outra banda, o SLG amosou o seu desconcerto diante da posición contraria a esta lei adoptada polo Partido Popular, aínda que este rexeitamento non é contraditorio coa pasividade que tivo este partido á hora de desenvolver unha lexislación semellante mentres gobernou na Xunta.

Descobren varios agrotóxicos nas placentas de mulleres embarazadas

Un estudio da Universidade de Granada relaciona a presenza de pesticidas con malformacións conxénitas

Durante o mes de maio, saltaron á luz pública un bo feixe de escándalos alimentarios. Estudios que descubriron restos de pesticidas nas placentas de mulleres embarazadas, entrada de transxénicos ilegais en Europa e miles de animais domésticos mortos en Estados Unidos por consumir alimentos adulterados que tamén se distribuíron en granxas. En resume, novos datos que reflicten que o modelo agrícola e de alimentación imperante segue a responder á ética de maximizar os beneficios, aínda que sexa á costa a saúde dos animais e da propia xente.

O Departamento de Radioloxía e Medicina Física da Universidade de Granada vén de dar a coñecer os resultados dun estudio sobre a presenza de agrotóxicos en mulleres embarazadas. As probas, que se realizaron entre os anos 2000 e 2002, deron como resultado a presenza de 17 clases de pesticidas en 308 mulleres, sendo o promedio de oito substancias químicas por nai na placenta, chegando algunha a ter ata quince.

Segundo a equipa de investigación, trátase dun dato moi preocupante, pois durante o período de xestación todas as substancias químicas acumuladas no organismo teñen un efecto directo no desenvolvemento do embrión e do feto e interfiren no sistema hormonal.

Entre os pesticidas atopados estaban o DDE, o lindano, o endosulfan-diol e o endosulfan I, moitos deles prohibidos en varias partes do mundo. En calquera caso, todas estas substancias son disruptores endócrinos. De feito, moitos dos nenos que naceron destas nais tiñan criptorquidia (cando os testículos non descenden) e hipospadia (deformación da uretra). Segundo unha das investigadoras, Maria Xosé López, "vimos que os nenos que foron máis expostos a determinadas substancias na placenta resultaron con máis probabilidades de nacer con eses defectos".



Na imaxe, Carliños, fillo de xornaleiros mexicanos que se expuxeron a pesticidas no seu traballo en Estados Unidos

Seguen a entrar transxénicos ilegais na UE

Por outra banda, descubriuse un novo cargamento no porto de Rotterdam con millo transxénico ilegal na Unión Europea, procedente dos Estados Unidos. Trátase da variedade Hércules RW 59122, e xa é a cuarta vez que se denuncia isto nos últimos dous anos.

Miles de mascotas envelenadas

Outro dos escándalos alimentarios, desta vez coas mascotas domésticas como vítimas, aconteceu en Estados Unidos e levouse por diante a uns 2.000 gatos e outros tantos cans.

Parece ser que a causa da intoxicación está nas importacións dende China de glute de trigo e de millo e proteína de arroz adulterados con melamina que se utilizaron en ducias de marcas de alimentos para mascotas. Esta substancia química utilízase para fabricar resinas; no caso chinés, trátase dunha melamina con moitas impurezas obtida a partir do carbón e que se utiliza, tamén, para elaborar fertilizantes e plásticos.

Parece ser que a melamina se lle engadiu de maneira deliberada aos cereais polo seu alto contido en nitróxeno. Aínda que o nitróxeno non ten valor nutricional para os animais non ruminantes, nas análises de pensos ou dos seus compoñentes a melamina fica agachada e o alto contido en nitróxeno fai pensar que o índice de proteínas do alimento é maior do real.

O escándalo podería estenderse ao eido agrario, pois sábese que varias partidas destes concentrados proteicos de China utilizáronse na elaboración de pensos para gando porcino e avícola, o cal alertou ás autoridades sanitarias da posibilidade de que o tóxico se introducise na cadea alimentaria humana.

Segundo os cálculos iniciais, entre 2'5 e 3 millóns de estadounidenses xa deberon consumir carne de polos alimentados con estes pensos adulterados con melamina.

A ONU e Suíza tamén están en contra da proliferación dos cultivos enerxéticos

Tralo estudo dos economistas norteameticanos Runge e Senauer sobre os efectos perversos da expansión dos cultivos enerxéticos –do que se deu conta no pasado Fouce-, é agora a propia Organización de Nacións Unidas (ONU) a que advertiu das consecuencias nefastas dos agrocarburantes cun informe publicado o pasado 8 de maio, que van dende ser unha ameaza para a produción alimentaria ata o seu forte impacto sobre os recursos terrestres e acuíferos do mundo.

O informe da ONU di, textualmente, que "o rápido crecemento da produción de agrocarburantes líquidos suporá substanciais esixencias para os recursos terrestres e acuíferos do mundo nun intre no que a demanda por alimentos e produtos forestais tamén está aumentando de maneira rápida".

Ademais, engade que estes "monocultivos a grande escala poden conducir a unha significante perda de biodiversidade, erosión do terreo e filtración de nutrintes".

Outro dos riscos sobre os que advirte a UN Energy, grupo composto por todas as axencias das Nacións Unidas que traballan no eido da enerxía que se encargou da realización do informe, é que a utilización de cultivos como o millo ou o azucre para producir agrocarburantes está aumentando o prezo dos alimentos e afectando de cheo as poboacións máis pobres e vulnerábeis do planeta. En concreto, afirma que "a produción de agrocarburantes pode ameazar a dispoñibilidade do subministro axeitado de alimentos ao disociar os usos da terra e doutros recursos produtivos da produción de alimentos".

■ Estudo do goberno suízo

A maiores do informe da Organización das Nacións Unidas, en maio deuse a coñecer outro estudo realizado polo Instituto de Investigación de Ciencia e Tecnoloxía de Suíza, encargado polo goberno helvético. A conclusión é semellante á da ONU, e as autoridades suízas xa non ven os agrocarburantes como unha panacea para resolver as súas necesidades enerxéticas: se ben o bioetanol, biomentanol, biodiesel e biometano producen un terzo menos de emisións de carbono por termo medio, habería que computar a maiores outros factores que fan desaconsellábel esta opción, como o feito de dedicar grandes áreas de terra para este tipo de cultivos, ou o impacto ambiental que provoca o modelo agrario agresivo esixido polos agrocarburantes.

Os montes de Barcela e Vilaxuín reviven a produción tradicional de mel

Ademais, co apoio da Asociación Frouma, solicitarán a declaración de espazo privado de interese natural

Desta vez, a equipa técnica de Frouma viaxou a Negueira de Muñíz para comezar a traballar nun proxecto de desenvolvemento integral do monte veciñal de Barcela e Vilaxuín. No punto de mira desta comunidade de montes está o de recuperar os usos tradicionais do lugar, como a produción de mel; e potenciar o riquísimo patrimonio biolóxico con que conta este privilexiado espazo, que xa se atopa, na actualidade, incluído na Rede Natura 2000. Para iso, a mancomunidade solicitará a declaración de espazo privado de interese natural.

O monte veciñal de Barcela e Vilauxín está situado no municipio de Negueira de Muñiz, no extremo oriental da provincia de Lugo. Trátase dunha zona con unha topografía crebada, onde os vales e as chairas son moi escasos e onde dominan as altas montañas, con cumios que superan os mil metros de altitude. A rede fluvial está canalizada polo río Navia, que pasa moi encaixado ao longo do seu percorrido polo concello, agás na parte central, na que abre e dá lugar a un pequeno val. A construción do Encoro de Salime provocou o illamento das aldeas de Foxo, Vilar, Vilauxín, Ernes e Cancio. Isto deu lugar a que a maior parte da poboación emigrase a outras zonas menos desfavorables.

Por outra banda, trátase dun lugar de gran valor ecolóxico e atópase, actualmente, incluído dentro da Rede Natura 2000 .



A produción artesanal de mel será un piar na recuperación dos montes de Barcela e Vilaxuín

Existe dentro do monte unha zona de vagoadas que, debido a súa inaccesibilidade, evitou a influencia e transformación polo home. Deste xeito, formouse unha serie vexetacional clímax que conta cunha alta diversidade de especies, coa presenza de carballeiras e soutos de castiñeiros, e cunha notable influencia mediterránea que se traduce na existencia doutras especies como sobreiras.

Ademais, este monte conta cunha grande cantidade de elementos antrópicos a conservar, tales como camiños e casas rurais de pedra, moitas delas xa derruídas, e un grande número de cortizos, algúns en bo estado de conservación.

Dende esta perspectiva, a comunidade montes de A Barcela e Vilauxín contactou coa Asociación Frouma para solicitar, por unha banda, a realización dun estudo que permita a conservación de todos estes valores e, por outra, un plan de aproveitamento tradicional apícola.

Desta maneira, teríamos dous obxectivos básicos: en primeiro termo, a conservación da biodiversidade e protección da paisaxe e, en segundo termo, a recuperación dos usos tradicionais e o aproveitamento dos recursos de forma acorde coa singularidade e especial beleza do lugar.

Recuperación dos cortizos e habilitación dun local para procesar

No que se refire á conservación dos valores naturais, existe unha lexislación que contempla a posibilidade de solicitar a declaración dun Espacio Privado de Interese Natural, segundo o decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura de espazo privado de interese natural.

Esta figura persegue a sensibilización cara aos valores naturais, ecolóxicos, culturais e patrimoniais deste lugar, e implica a responsabilidade, por parte das persoas beneficiarias, da elaboración dun plan de conservación e de uso público, así como o compromiso formal de poñer en práctica as medidas necesarias para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración.

Ademais, o interese de promover a declaración deste espacio protexido busca varios obxectivos:

- Promover o coñecemento, a comprensión e o goce dos valores do espazo natural, regulando os comportamentos acordes coa súa conservación e protección.
- Regular as diversas actividades que se podan desenvolver para garantir a conservación deste espazo.
- Posibilitar e regular a utilización recreativa, educativa ou, simplemente, turística, compaxinadas coa conservación dos valores naturais e patrimoniais da zona.
- Establecer colaboracións coas administracións públicas relacionadas coa conservación e a educación ambiental, para a posta en marcha de actividades e servizos, tendo sempre en conta o carácter conservacionista que se lle quere aplicar ao espazo.

Finalmente, o aproveitamento apícola contempla o uso dos cortizos existentes para a obtención de enxames e, ao mesmo tempo, a adquisición de colmeas e equipamento básico, co obxectivo de producir mel natural para a súa comercialización local. Tamén se prevé a adecuación dun local para realizar as operacións de recollida e envasado dos produtos que se queren comercializar.



O patrimonio etnográfico será outro dos puntais para desenvolver esta zona deprimida da montaña lucense

nº 255
Xuño de 2007
FOUCE

Nace Ribeira Sacra Unida contra a deriva do consello regulador

As tres organizacións agrarias e boa parte do sector apoian a alternativa nesta denominación de orixe

A pesares das negociacións habidas, ao final, a elección do consello regulador de Ribeira Sacra non se fará por consenso, polo que competirán dúas listas nos censos de viticultores e viticultoras, e grandes, medianas e pequenas adegas. Unha delas, Adegueiros e Viticultores Libreasociados vira en torno ao actual presidente, José Manuel Rodríguez; a outra, Ribeira Sacra Unida, tenta representar o mellor posíbel a diversidade desta denominación de orixe e, ademais, ten o apoio das tres organizacións agrarias galegas e varias asociacións vitícolas.

Xa a mediados de mes, os tres sindicatos agrarios comparecían para denunciar a grave situación de deterioro do consello regulador da Ribeira Sacra, debido á súa deficiente xestión. Ese día, xa se anunciaba a presentación de listas alternativas para aspirar ás vocalías do consello, listas integradas "por viticultores e viticultoras profesionais que viven da viticultura e do viño".

Semanas despois, presentábase oficialmente, en Monforte de Lemos, a candidatura Ribeira Sacra Unida. No acto de presentación, o responsábel do sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, denunciaba a existencia de "presións e ameazas" no proceso de recollida de sinaturas para avalar esta candidatura independente.

Ao final, o SLG estará representado na lista de viticultores por Primitivo Lareu, en segundo lugar. A maiores, Ribeira Sacra Unida tamén presentou alternativas nos censos de pequenas (ata 20.000 litros) e medianas adegas (entre 20.000 e 70.000 litros). A última hora, o suposto pacto que ía haber entre as sete grandes adegas da Ribeira Sacra para presentarse nunha única lista, ficou roto. Así, San José, Val de Quiroga, Regina Viarum e Rectoral de Amandi apoiarán a candidatura afín ao presidente; e Moure, Vía Romana e Ponte da Boga farán o mesmo pola opción das organizacións agrarias.



O Sindicato Labrego ten feito numerosas actividades de dinamización na DO Ribeira Sacra, como a xornada sobre viticultura ecolóxica e mercados, na escola de capacitación agraria de Monforte

Ameazas contra aquelas persoas que apoian as listas alternativas

Segundo o responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, nesta contenda, "está en xogo a identidade da denominación de orixe e o recoñecemento de peculiaridades coma o feito de que haxa un predominio de pequenas adegas".

Na rolda de prensa dada de Monforte de Lemos, González Vilas denunciou "as presións que teñen exercido as adegas que apoian a outra candidatura contra viticultores e viticultoras dende o principio do proceso, presións que se traduciron en ameazas de non mercarlle a uva a aquelas viticultoras e viticultores que asinasen polas listas alternativas".

O Sindicato Labrego e Medio Rural falaron dos problemas da comercialización do viño

O Sindicato Labrego Galego e a Consellaría de Medio Rural mantiveron, o 25 de maio, un encontro de traballo para falar do sector vitivinícola. Por parte do SLG asistiron o responsable da Dirección Nacional do Viño e viticultor en Valedorras, Manuel Docampo; e o secretario dos sectores agrarios, Xosé Manuel González Vilas. En canto a Medio Rural, estiveron o xefe de gabinete, Xosé Manuel Puga, e o propio Conselleiro, Alfredo Suárez Canal.

O meirande do encontro estivo centrado en tratar a problemática dos mercados vinícolas e das dificultades que teñen as adegas, sobre todo as pequenas e medianas, de ter unha presenza comercial suficiente. De feito, este é un dos maiores problemas dos nosos viños, con moi escasa presenza nas tendas e nas grandes superficies comerciais do noso país, sempre mal situados nos andeis e cunha mediocre presentación diante dos consumidores e consumidoras.

Ademais, tamén se tocaron aspectos relacionados co anterior como a necesidade de potenciar a promoción dos viños a través de feiras profesionais, e traballar para que os viños galegos teñan unha especial relevancia por riba dos de outras comunidades.



O Sindicato Labrego achegoulle ao Conselleiro a problemática das vendas no sector do viño

Este encontro formou parte dunha axenda do traballo que está a desenvolver o Sindicato Labrego co obxectivo de promover as nosas denominacións de orixe.

O cese de Gabino Vázquez dá un respiro á agricultura ecolóxica

O SLG congratúlase pola fin dun período de xestión no Craega callado de irregularidades e denuncias

Pouco antes de rematar maio, a Consellaría de Medio Rural tomaba a decisión de cesar a Gabino Vázquez como presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega). A pinga que colmou o vaso para tomar esta decisión foi a negativa de Vázquez a entregar a documentación necesaria para proceder á renovación democrática do consello. O Sindicato Labrego, que xa pediu a dimisión de Gabino Vázquez en varias ocasións, ve este cesamento como unha boa nova e agarda que sirva para relanzar ao sector.

O Sindicato Labrego levaba tempo pedindo a dimisión de Gabino Vázquez polo cúmulo de irregularidades e anomalías na súa xestión á fronte do Craega. Facendo memoria, Gabino Vázquez é presidente do Craega dende o 29 de maio de 1997, cando el e os membros do consello foron nomeados directamente pola Consellaría de Agricultura.

Medio ano despois –o 27 de xaneiro de 1998- o vicepresidente e a totalidade dos vocais do consello solicitaron un pleno extraordinario para cesar a Vázquez. Curiosamente, a Consellaría procedeu cesando aos díscolos e nomeando un novo consello en sintonía co seu presidente, ao que acusaron de valerse dos seus vínculos familiares con altos cargos do PP para perpetuarse no cargo.

O 1 de decembro de 2002, celebráronse as primeiras eleccións ao Craega, presentándose dúas candidaturas: a Candidatura Profesional Independente de Agricultura Ecolóxica (CPIAE) de Gabino Vázquez; e unha do Sindicato Labrego Galego encabezada por Agatha Broeskamp, que só se presentou no censo de produtores e produtoras. Nos sectores agrícolas, a CPIAE acadou 57 votos, mentres que a do SLG obtivo 53, polo que Broeskamp pasou a formar parte do Craega como vocal. E aí comezaron os problemas pola teima de Vázquez e a súa equipa en obstaculizar de mil xeitos o labor da vocal do SLG: convocatoria de plenos sen respectar os prazos legais, negativa a facilitar copias das actas e outro tipo de documentación para aprobar, celebración de sesións plenarias sen quorum, aprobación de orzamentos e memorias sen facilitar copias físicas aos vocais, falsificación de actas ao non incluír as alegacións da vocal do SLG, etcétera. A día de hoxe, o Craega é o único consello regulador de Galiza que carece de regulamento interno.



Agatha Broeskamp tivo que denunciar en reiteradas ocasións as irregularidades no Craega

Chamadas de atención do Valedor e do Parlamento

Todo este cúmulo de irregularidades traduciuse en numerosas denuncias e reprobacións públicas. En novembro de 2003, o Sindicato Labrego denunciaba a Gabino Vázquez diante do Valedor do Pobo e o Parlamento de Galiza por obstaculizar e dificultar a participación de Agatha Broeskamp no Craega. Mentres que no Informe do Valedor do Pobo do 2004 se instaba a facilitar o labor da vocal do SLG; o 14 de maio de 2004, a Comisión de Agricultura, Gandería e Montes do Parlamento de Galiza (integrada por PP, PSOE e BNG) aprobou unha proposición non de lei pola que se instaba á Xunta a tomar de inmediato medidas para acadar o funcionamento correcto e legal do Craega.

A todo isto habería que engadir a interposición de varios recursos de alzada, contenciosos e, mesmo, unha denuncia contra Gabino Vázquez ante o ministerio fiscal, realizada en outubro de 2006, por delictos de prevaricación, falsidade documental, inxurias e calumnias. O 20 de marzo, a Consellaría de Medio Rural incoaba un expediente administrativo contra Gabino Vázquez "por mor dos incumprimentos das súas obrigas como máximo responsábel deste organismo". Despois, a negativa de Vázquez "a entregarlle á Consellaría do Medio Rural a documentación necesaria para realizar o reparto de vocais" culminou co cesamento do presidente o 30 de maio.



Agora, Gabino Vázquez terá ata o 30 de xuño para deixar o cargo, e convocaranse novas eleccións ao Craega en outono.

"O Craega debe ser a voz dos problemas que ten o sector agroecolóxico"

Diante deste historial, o cesamento de Gabino Vázquez é unha boa nova para o sector da agricultura ecolóxica de Galiza. A vocal do Sindicato Labrego no Craega, Agatha Broeskamp, manifestou a súa esperanza de que "coa substitución de Gabino Vázquez na presidencia do Craega acabe a frustrante e innecesaria loita polos dereitos básicos dos vocais, e que o consello regulador funcione democraticamente en beneficio dos agricultores e agricultoras do sector ecolóxico na Galiza".

Neste senso, Broeskamp retomou unhas declaracións propias realizadas o 1 de decembro de 2002, cando fora elixida vocal do consello regulador: "O Craega debe ser a voz dos problemas que sofre o sector".

O cesamento producese nun intre no que a Consellaría do Medio Rural quere apostar fortemente polo sector cun Plan de Desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica dotado con 12 millóns de euros, dos cales se investirán sete en fortalecer as estruturas produtivas, 2'1 ao fomento da produción, 310.000 euros á promoción do consumo, e 2'5 millóns á mellora da transformación industrial, comercialización e certificación.

Medio Rural considerou a agricultura ecolóxica como "estratéxica", xa que vivimos "nun momento en que a esixencia de salubridade e calidade alimentaria vai en aumento".

nº 255
Xuño de 2007
FOUCE

Comezan os labores para facer realidade a titularidade compartida

Os ministerios de Agricultura e Traballo crearon unha equipa técnica para desenvolver a cotitularidade

O pasado 30 de maio, constituíase o grupo de traballo que se encargará de desenvolver a titularidade compartida. Esta equipa estará formada polo director xeral de Desenvolvemento Rural, Francisco Amarillo, e representantes de subdireccións do Ministerio de Agricultura como a de Igualdade e Modernización, Lexislación e Ordenación Normativa, ou Pagos Directos e Cultivos Herbáceos. Ademais, tamén participará o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. O obxectivo do grupo será elaborar un informe completo sobre a titularidade compartida.

A loita pola cotitularidade ou titularidade compartida é, sen dúbida, unha reivindicación profesional histórica para a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego. Malia a dureza e as interminables xornadas de traballo, 35.000 mulleres labregas son consideradas "axuda familiar", sen que se lles recoñeza ningún tipo de dereito laboral como, por exemplo, axudas, a titularidade da cota do leite, dereitos de vacas nutrices, pois os dereitos e ingresos veñen só a nome do seu cónxuxe.

Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, valorouse moi positivamente a constitución do grupo de traballo ministerial sobre titularidade compartida e seguiremos con moita atención todos os traballos que nel se realicen, achegando propostas para que este dereito polo que xa levamos moito tempo traballando se desenvolva plenamente.

Cómpre dicir que foi o Sindicato Labrego quen, de xeito e inicial e continuadamente, ten reivindicado a nivel galego e a nivel estatal a necesidade de regulamentar e dotar de dereitos ás mulleres labregas. Nos últimos tempos, e en pleno debate sobre a Lei de Igualdade, a Secretaría das Mulleres e as mulleres da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) trasladáronlle esta necesidade a todos os grupos políticos. Neste sentido, varias compañeiras da Secretaría das Mulleres, no marco dunhas xornadas sobre titularidade compartida en Madrid organizadas en colaboración coas mulleres do Sindicato EHNE e da Área da Muller de COAG, aproveitaron para comunicarlle a proposta ao equipo do Ministerio de Agricultura encargado dos temas de igualdade no evento.



As mulleres do SLG levan reivindicando dende vello a titularidade compartida nas explotacións

As mulleres labregas veranse especialmente beneficiadas pola Lei de Dependencia

A partir de agora, as persoas que precisen da axuda completa doutra persoa para comer, lavarse, vestirse, saír á rúa ou desprazarse, poderán solicitar a valoración do seu grao de dependencia no ano 2007. Este é un requisito indispensable para acceder aos dereitos e servizos previstos na Lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, máis coñecida como Lei de Dependencia, que entrou en vigor no mes de xaneiro.

No ano 2007, só terán acceso aos servizos e prestacións as persoas que sexan valoradas cun terceiro grao de gran dependencia (aquelas que necesitan o apoio indispensable e continuo dun coidador ou coidadora para o desenvolvemento das actividades da vida diaria). Os demais graos e niveis seguirán o seguinte esquema de implantación: entre 2008 e 2009, segundo grao de dependencia severa, nivel 2; entre 2009 e 2010, segundo grao de dependencia severa. nivel 1; entre 2011 e 2012, primeiro grao de dependencia moderada, nivel 2; e entre 2013 e 2014, primeiro grao de dependencia moderada, nivel 1.

En cada unha das cidades principais existirán equipos de valoración da dependencia vinculados á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que prestarán atención en todo o territorio.

Despois da valoración, establecerase un programa individual de atención para cada persoa usuaria, programa no que se expresarán os servizos e prestacións aos que ten dereito.

Os servizos (por exemplo, axuda no fogar, centro de día ou residencia) sempre terán preferencia sobre as prestacións económicas.

Os servizos dos que se poderá beneficiar a xente dependente son prevención de situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, teleasistencia, servizo de axuda no fogar (atención das necesidades domésticas ou coidados persoais), e centros de día para persoas maiores e con discapacidade. En canto ás prestacións, irán dirixidas a coidados no medio familiar, asistencia persoal, adquisición de axuda técnica e eliminación de barreiras arquitectónicas no fogar.


Para tramitar estas axudas haberá puntos de atención nas delegacións provinciais, nos centros sociais e fogares do maior da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social, así como nos centros de información habilitados nas comarcas.

■ Necesidade histórica das mulleres labregas

As mulleres asumiron dende sempre e de xeito case exclusivo o coidado das persoas maiores, dos nenos e das nenas, e das persoas dependentes. Trátase dunha responsabilidade que lle corresponde á sociedade no seu conxunto, e para o que debe artellarse un sistema público que dea cobertura a todas as necesidades de atención que teñen as familias. A deixadez que, ata o momento, manifestaron as administracións en relación con este tema fixo que moitas mulleres tivesen que suplir esas carencias, dedicando todo seu tempo, moitas veces nunhas condicións de precariedade económica absoluta, deixando moitas veces no camiño o seu traballo, todo tipo de relacións sociais e ata a súa propia saúde. Para a Secretaría das Mulleres, é moi necesario o desenvolvemento dun sistema público de atención á dependencia como o que pretende botarse a andar. É preciso que se dote co orzamento suficiente para garantir unha atención de calidade e, no caso galego, cómpre ter en conta que o medio rural ten unhas condicións como o envellecemento da poboación, a dispersión xeográfica, a falta de infraestructuras, etcétera, que fan máis necesaria, se cabe, unha aposta decidida por garantir un acceso en termos de igualdade aos servizos e ás prestacións.

A ALTERNATIVA DE FUTURO

Eu Quéro



Ternera Gallega é unha alternativa real de futuro, porque é unha carne de vacún recoñecida na Unión Europea e apreciada polos consumidores.
No Consello Regulador, queremos contar con todos os gandeiros que co seu traballo diario e bo facer lle dan prestixio á nosa carne.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLO REGULADOR DA
I.X.P. TERNERA GALLEGA
Recinto Feiral. Amio. Santiago
Tel.: 981 575 786 • **Fax:** 981 574 895
consejo@terneragallega.com
www.terneragallega.com

TERNERA GALLEGA • INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

Axudas para fomentar o asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola

A presente orde establece as bases das axudas para fomentar o asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola. Poderanse acoller: As cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA), sociedades agrarias de transformación (SAT), e o resto de cooperativas agrarias que adquiran maquinaria de carácter agropecuario ou forestal para prestar servizos aos seus socios.

O **prazo** para solicitar estas axudas remata o **19 de xuño de 2007**.

Axuda para renovar a maquinaria agrícola

Axudas para a renovación do parque de tractores e máquinas agrícolas de Galiza. Tamén se poderán destinar estas axudas procedentes do desmantelamento de tractores e máquinas automotrices á adquisición de determinadas máquinas arrastradas, como sementadoras directas, cisternas para xurros e esparexedoras.

O **prazo** para solicitar a axuda remata o **16 de xullo de 2007**.

Axudas ás producións respectuosas co entorno

Esta orde establece varias liñas de axudas:
1. Programas de defensa sanitaria dos cultivos (ADV).
2. Agrupacións para tratamentos integrados en agricultura (Atrias).
3. Técnicas de produción integrada (PI). **4.** Técnicas de agricultura ecolóxica (AE). **5.** Adaptación á agricultura ecolóxica.

O **prazo** de solicitude remata o **11 de xuño de 2007**.

Axudas para información e promoción dos produtos galegos de calidade

Poderán ser beneficiarios destas axudas as agrupacións de produtores que participen nalgún programa de calidade diferenciada de alimentos. O **prazo** de solicitude remata o **18 de xuño de 2007**.

Axudas para o acceso á propiedade de arrendatari@s históricos e parzarías

Estas axudas teñen por finalidade facilitarlles o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías. O **prazo** de solicitude remata o **9 de xullo de 2007**.

Axudas á conservación e restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galiza

Axudas para o fomento de actuacións de conservación e mantemento e de restauración de bens inmobles do patrimonio etnográfico tales como hórreos, cabazos, cabaceiras, piornos, celeiros, cruceiros, petos de ánimas, palleiras, alpendres, pallozas, muíños, fontes, lavadoiros, fornos, pombais e outros de carácter similar.

O **prazo** de presentación de solicitudes rematará o **11 de xullo**.

Axudas ao fomento das frondosas caducifolias

Axudas para o fomento das frondosas caducifolias, mediante a súa plantación, o aumento da densidade delas onde xa existan ou ben polo cambio de especie forestal en masas de eucalipto e/ou acacias (*acacia sp.*) en mal estado vexetativo ou sen porvir por mor de pragas, enfermidades, danos de xeada ou estación inadecuada onde exista unha masa secundaria de frondosas caducifolias.

O **prazo** de solicitude remata o **18 de xuño de 2007**.

Axudas á reposición de animiais de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas

Axudas para a adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas, femias de reposición ou machos reprodutores que se adquiran en poxa pública no 2007.

O prazo de presentación de solicitudes será durante os 40 días hábiles seguintes á adquisición dos animais.

Axudas á incorporación de moz@s e á mellora da sustentabilidade nas explotacións

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras, e a convocatoria para o ano 2007 das seguintes liñas de axuda: Realización de plans de mellora nas explotacións agrarias; e primeiras instalacións de agricultores moz@s.

O **prazo** de solicitude remata o **16 de agosto de 2007**, agás para os casos de primeiras instalacións de mozos/as motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria acollidos ás axudas do Real decreto 5/2001, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, para os que o prazo permanecerá aberto ata o **30 de novembro**.

Prorrogan ata o 30 de xuño o prazo para alegar e facer modificacións no Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC)

Axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovábeis

O Instituto Enerxético de Galiza publicou as bases reguladoras para a concesión das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables correspondentes ao exercicio 2007.

Prazo ata ao 30 de xuño.

Axudas para ás explotacións con programas de erradicación de enfermidades animais

O obxecto desta orde é establecer axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos de encefalopatías esponxiformes transmisibles ou outras enfermidades sometidas a programas de erradicación.

O **prazo** de presentación de solicitudes remata o **21 de novembro.**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-Rulos de silo. No lugar de Cumbraos (Mesía. A Coruña).
Chamar ao 981 198 715

Véndese
Touro rubio en Lugo.
Chamar aos números de teléfono 653 204 315 e 982 187 439

Véndese
-Autocargador KROHNE 2500-picador.
-Sala de muxido de 4 prazas en espiña.
-23 cornadizas AGRITUVEL.
Chamar ao 657 390 490

Véndese
-Fiat Stilo 7288 BX2, por 7.000 euros.
Preguntar por Xoán Carlos no 609 754 594 ou no 687 633 830

Véndese
-Tractor NEW HOLLAND modelo TM 120. De 142 cv. Seminovo, con 500 horas de traballo.
Preguntar por Carlos no teléfono 659 886 492

Véndese
-Autocargador POTTINGER Europrofi 1. En moi bo estado. Mellor velo. No concello de Ribadeo.
Preguntar por Gilo no número 676 722 403

Véndese
-Circuíto de muxido de 3 puntos, con lavado automático, marca GASCOIGNE. No concello de Mondoñedo.
Preguntar por Martina no teléfono 616 989 964.

Véndese
-Carro de vacas en moi bo estado.
-Tres bacías de pedra.
Chamar ao 981 787 013

Véndese
-Autocargador LACASTA de 30 m3, con 20 coitelas e 4 anos de uso. Prezo: 10.800 euros. Na zona do Corgo.
Chamar ao 649 691 006

Véndense
-Tractor DEUTZ TX85.
-Picadora de millo dun rego marca POTTINGER, con machucadora.
Chamar ao 981 793 102

Compra - Venda - Troco

Véndese
-Viño do país e augardente.
986 689 486 e 677 733 898

Véndese
Tanque de frío de 1.700 litros e catro muxidos. En Meira.
Chamar aos números de teléfono 982 346 590 e 664 661 223

Véndese
-Autocargador KROHNE 2500, de 32 coitelas.
-Sala de muxir WESFALIA de 4 puntos e 4 en espera.
Chamar ao 657 390 490.

Véndese
Encintadora de rulos de silo suspendida en brazos. Tecnoloxía alemá.
Chamar aos números de teléfono 981 787 802 e 649 527 318

Véndense
Xovencas próximas ao parto.
Chamar ao 981 193 037

Véndese
Remolque de 2 eixes. En Lugo.
Chamar ao 636 088 618

Véndense
-Máquina de limpar.
-Muíño eléctrico.
- Muíño de tractor.
Preguntar por Manuel no teléfono 982 175 132

Véndese
-Tanque de leite de 1.500 litros ALFA LAVAL, con lavado automático.
-Sala de muxido de catro puntos MAGNUS.
Chamar aos números de teléfono 982 164 225 e 649 310 981

Véndese
-Cabalo lusitano español de 8 anos. En Xinzo de Limia.
Preguntar por Consuelo no teléfono 667 894 528

Véndese
-Fresadora 135.
- Arado de vertedoira.
-Remolque.
-Tractor EBRO 160.
-Segadora.
Chamar aos números de teléfono 639 714 810 e 638 985 697

Véndese
Cisterna en bo estado de 3.000 litros.
Chamar ao 676 283 275

Véndese
Tanque ALFA LAVAL de 330 litros. En bo estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndese
Sala de muxido GASCOIGNE, de 4 puntos e lavado automático.
Chamar ao 609 146 788

Véndese
Touro rubio.
Chamar aos números de teléfono 656 204 315 ou 982 187 439

Véndense
Porcos ibéricos e porcos celtas.
Chamar ao 679 890 628

Véndense
-Herba seca en rolos.
-Arados xemelgos.
Chamar ao 982 505 798

Véndese
Angazo rotativo FIOLLINI 420. En O Corgo (Lugo).
Chamar ao 696 097 979

Véndense
Xovencas próximas ao parto.
Chamar ao 629 308 667

Véndense
-Enfardadora SIGMA de barras 1'20 x 1'20.
-Ripper de cinco dentes con subsolador.
Chamar ao 686 118 173

Véndese
Todoterreo TOYOTA LAND CRUISER, con 70.000 quilómetros. Vende e recolle coche a cambio.
Chamar ao 667 755 460

Véndense
-Cachorros de Bordel Collie.
-Tractor internacional 1255.
En Xermade (Lugo).
Chamar ao 609 864 738

Véndense
Dúas segadoras rotativas. Unha VICON de 4 pratos e 1'70 metros de traballo; e unha KUHN GMD 600 de 2'40 metros de traballo. As dúas en bo estado de uso.
Chamar ao 622 611 091

Véndense
-Empacadora ALLIS CHALMERS.
-Peite de cortar herba.
-Angazo STOLL.
En Lugo.
Chamar ao 982 302 390

Véndese
Conxelador novo en bo estado.
Preguntar por Miguel Anxo no teléfono 600 922 101

Véndense
Vacas de carne con cría.
Preguntar por Manuel no teléfono 689 752 400

Véndense
-Herba seca en rulos.
-Xato de 18 meses, fillo de Leros, e nai.
-Sulfatadora de 400 puntos.
Chamar ao 690 828 935

Véndese
Tanque de leite con 300 litros de capacidade.
Preguntar por Xosefa no teléfono 982 508 142

Véndese
Rotoempacadora GALLIGANI 3.120 con picador. Seminova.
Preguntar por Antonio no teléfono 607 466 727

Véndense
-Rotativa VICON de 1'90.
-Abonadora VICON de 900 quillos.
-Circuíto WESFALIA, enteiro ou por pezas.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615. Ás 13:00 horas.

Véndese
Rotativa MORRA de 1'90. En bo estado. Ten seis anos. En Sobrado.
Chamar ao 609 733 289

Véndense
-Sementadora de millo neumática de catro liñas.
-Cisterna de 3.000 litros.
-Rotativa de 1'70.
Todo barato.
Chamar ao 629 738 884

Véndense
-Autocargador GALAGRI.
-Sala de muxido de 4 puntos.
Chamar aos números de teléfono 982 160 657 e 647 172 807

Véndese
Tractor BARREIROS 7.000, de 70 CV, coa ITV ao día. En Santa Cristina (Cospeito).
Chamar ao 982 520 399

Véndense
-Silo de herba. Segundo corte picado.
-Rolos de herba. Segundo corte picado.
Chamar ao 881 060 123

Véndese
Empacadora WELGER AP-400, con pouco uso.
Chamar ao 982 370 655

Véndense
-Autocargador GALAGRIA.
-Motocarro APC-50
-Angazo mecánico USAMA L-410
Preguntar por Martina no teléfono 616 989 964

Véndense
Dúas eguas preñadas.
Chamar aos números de teléfono 982 163 465 e 630 561 310

Véndese
Remolque de dous eixes.
Chamar ao 636 088 618

Véndense
-Ocas.
-Muíño, tractor e eléctrico, de 5 CV de potencia.
-Renault Megane TD de 90 CV, matrícula C-3710-BT
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 e 981 774 561

Véndese
Ciclomotor en bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 626 334 770

Véndese
Xato pinto, con carta completa e 17 meses de idade.
Chamar ao 690 828 935

Véndese
Empacadora.
Chamar ao 981 459 139.

Véndese
Comedeiro de pensos móbil. Galvanizado. En bo estado. En Irixoa.
Chamar ao 981 788 221

Véndese
Rotativa modelo BELLON 170.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 896 668

Véndense
Tanque de leite e circuíto de muxido marca GASCOIGNE, de 3 puntos e lavado automático.
Chamar aos números de teléfono 981 196 868 e 620 306 456

Véndense
-Tractor FIAT 130-90 turbo.
-Rotativa KUHN de 2'40.
-Sulfatadora de 800 litros.
Chamar ao 657 390 490

Véndense
Por peche de explotación:
-Carro mesturador vertical de 12 m^3, coitelas hidráulicas, cinta alimentadora desprazable a ambas bandas, pé hidráulico, pouco uso.
-Tractor MASSEY-FERGUSON 8.120 Dynassift de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.
-Cornadizas autotrabantes.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de seis puntos, medidores volumétricos, e programador de lavado.
-Estendedor de herba no silo con furador para estacas.
-Limpeza automática hidráulica.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
Moto de 125 cc tipo Custom, cor negra, con 9.000 quilómetros.
Chamar ao 629 622 802

Véndese
Báscula electrónica de 15 quilos.
Chamar aos números de teléfono 981 670 665 e 650 911 778

Véndese
Desbrozadora de cadeas. Ancho de traballo: 1'40 metros.
Chamar ao 670 895 789

Véndese
Colleitadora de patacas marca AGROMER PIONNER, con tolva de 1.300 quilos. Cor azul.
Chamar ao 619 904 183.

COMPRAS

Mércase
Arado de tres regos con disparo automático.
Chamar ao 629 738 884

Mércanse
Conxelador e neveira.
Chamar ao 620 169 531

OUTROS

Búscanse
-Matrimonio ou empregad@ para manter finca con explotación de ovino. Ofrécese vivenda.
Chamar ao 982 213 348.

Instálanse
Sistemas de calefacción con estufas de pallets e caldeiras de biomasa. ECOCALOR. Calefacción ecolóxica subvencionada.
Preguntar por Xosé no 678 643 119 ou contactar no enderezo electrónico ecocalor@hotmail.com

Búscase
Traballador/a para explotación de vacún de carne.
Chamar ao 679 890 628

Búscase
Empregad@ para traballar en explotación de vacún de leite, na zona de Vilalba.
Chamar ao 625 180 903

Necesítase
Persoa interesada en manter e mellorar unha explotación gandeira de vacún na provincia de Ourense.
Chamar aos números de teléfono 988 491 531 e 627 744 956

* * * * *

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

FOUCE

Primitivo Lareu, candidato do SLG ao consello regulador da Ribeira Sacra

Primitivo Lareu coñece a fondo a realidade da Ribeira Sacra. Non en van, amais de mimar as súas case tres hectáreas de viñedos en Sabadelle (Chantada) -maiormente de Mencía, pero tamén algo de Brancellao, Merenzao, Godello e Treixadura-, e de presidir a Asociación de Viticultores A Cuadrilla, elabora viño nunha pequena adega que produce unhas 20.000 botellas anuais. Primitivo é un dos integrantes da lista alternativa Ribeira Sacra Unida "que representa á globalidade do sector" para as a eleccións ao consello regulador en representación do Sindicato Labrego Galego.

"A nosa lista representa a todo o sector e está avalada polas organizacións agrarias"

■Ao final, a Ribeira Sacra foi a única DO, das sete en liza, na que non se puido acadar un consenso na lista. Por que?

A ruptura comezou cando o presidente do consello regulador, José Manuel Rodríguez, falou cos sindicatos e non quixo deixar que eles nomeasen os seus vocais. Ademais, a parte das organizacións agrarias, unha parte importante do sector –con asociacións de viticultores e adegueiros- era da opinión de que as cousas podían facerse mellor. Todas estas partes acordaromos facer unha candidatura independente e alternativa.

■Que opina do labor desenvolto nos últimos anos polo consello regulador?

O consello regulador da Ribeira Sacra funciona dende hai poucos anos. Comezou moi ben. Eramos unha denominación de orixe nova, e partiuse da base de que debían convivir as pequenas explotacións coas grandes, de maneira que se apoiase este medio de vida para moita xente que sempre viviu na Ribeira. Así, moitos animámonos a dar o paso de crear unha adega para comercializar un viño etiquetado co amparo dunha denominación de orixe. A evolución foi positiva e medramos considerablemente. Pero chegou un intre, se cadra por mal enfoque, en que o camiño virou. Por exemplo, a reconversión do viñedo estaba levando un bo ritmo, cambiando as variedades foráneas polas autóctonas e, de repente, o proceso ficou truncado. Isto aconteceu porque, dende o consello regulador, en troques de apostar por variedades que nos fixesen ser máis interesantes e gañar prestixio no mercado, propagouse a máxima de que todo vale. Está claro que se ao viticultor lle mercan unhas uvas que non son de moi boa calidade e llas pagan igual, dende logo non vai cambiar as cepas.



Para Primitivo, o consello regulador debe estar aberto a todas as adegas, grandes e pequenas

■Cales son as diferenzas entre a lista oficial e a lista alternativa na que vostede se presenta?

Eu creo que nós representamos ao sector real, esa é a diferenza máis clara. A outra candidatura está avalada polos intereses moi concretos dalgunhas grandes adegas de peso, e poderá acadar os apoios dos viticultores porque lles mercan as uvas.

Nós representamos máis á globalidade da denominación de orixe porque temos viticultores e viticultoras, amais de adegas pequenas, medianas e grandes; é dicir, que agrupamos a todos os axentes do sector. A outra grande diferenza da nosa candidatura, que tamén expresa o amplo apoio co que conta, é que ven avalada polos tres sindicatos agrarios.

"Na Ribeira Sacra temos o necesario para sermos unha DO de referencia"

■Como ve as expectativas de futuro da Ribeira Sacra?

Estamos nunha situación na que aínda non somos ben coñecidos nin na Galiza. Aínda así, eu creo que o futuro é moi bo se o consello regulador comeza a funcionar como o facía nos seus inicios. Esta podería ser unha denominación de orixe exemplar e de referencia, porque xúntanse moitos factores para iso. Non só estamos a falar de viticultura e de viño, senón tamén de turismo. Temos que ser quen de combinar esas tres cousas e algunha máis. Entón si que poderiamos ser un referente a todos os niveis. Eu creo que é por aí por onde hai que camiñar. Non podemos ser unha denominación de orixe como outras do país, con volumes produtivos espectaculares. Debemos pensar máis na calidade e cada vez facer viños mellores.

"O consello debe ser transparente e tratar a todas as adegas por igual"

■Fáleme dos principais problemas de Ribeira Sacra e de como pode actuar o novo consello regulador para solucionalos.

Penso que o primeiro que se debe facer é traballar con transparencia e facer que todos sexamos iguais para o consello. Para min é tan importante unha adega pequena ca unha mediana ou unha grande; cada unha cumpre a súa función. Din que, ao final, que son as grandes as que mercan a uva, pero somos unhas oitenta adegas pequenas e, entre todas, manexamos unha importante cantidade.

Polo demais, a obriga do consello regulador é a de facer unha boa promoción de cara ao exterior da denominación de orixe e dos nosos viños, buscar novos mercados.

■Cales serían as mellores políticas para Ribeira Sacra.

O primeiro que deberían facer é traballar en conxunto. Polo que eu veño observando, as deputacións están a promover por separado as zonas vinícolas da súa provincia. Cómpre rachar con isto e partir dende a base de que Ribeira Sacra só hai unha. Non podemos caer en localismos.

■Como valoraría as políticas feitas ata agora no sector vitivinícola. Mudou algo co cambio de goberno na Xunta?

O cambio notouse moito. Agora existe sensibilidade cara a todas as nosas problemáticas. Antes, semellaba que todo se tiña que traducir en números, polo que as políticas se deseñaban á medida só das grandes empresas. Con todos os meus respectos cara a elas, volvo dicir que nós tamén existimos. Non se pode desprezar a ningunha adega da Ribeira Sacra polo seu tamaño. Ao fin e ao cabo, todos temos intereses metidos na zona, e son tan respectábeis os dun viticultor que traballa a viña no seu tempo libre coma o resto.

Antes, nunca se falaba coas asociacións de viticultores para nada, e agora a Consellaría estanos reunindo con regularidade para falar de temas tan básicos como as infraestruturas e as necesidades en xeral da denominación de orixe. Un bo exemplo disto é que se van comezar a subvencionar, por primeira vez, sistemas de raís, pistas e maquinaria axeitada para traballar na difícil orografía da zona.